



a aelg inicia o vi encontro cidade da coruña o vindeiro 11 de abril

## Cultura colabora coa Asociación de Escritores con 21.000 euros

As secretarías xerais de Política Lingüística e de Cultura achegaralle 21.000 euros á Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) "para difundir, promover e proxectar fóra das nosas fronteiras a literatura escrita en galego". Con cargo a esta partida, a AELG desenvolverá o VIII ciclo Escritoras/es na Universidade, participará no seminario As literaturas infantís e xuvenís ibéricas e desenvolverá actividades de promoción da nosa lingua e literatura en Dublín e en Cáceres.

De xeito paralelo, a Asociación presentaba esta mañá o programa do VI Encontro Cidade da Coruña. Co lema Os territorios da invisibilidade, a iniciativa explorará a relación entre literatura e ámbitos sociais silenciados. Rosalía de Castro, a represión ou "as voces enfermas, esquecidas ou simplificadas" ocuparán este encontro, que arrinca o vindeiro 11 de abril cunha intervención de Pilar García Negro e continuará cunha conferencia semanal ata o 3 de maio, a cargo respectivamente de Aurora Marco e Antón Riveiro Coello e Lídia Jorge. A iniciativa está organizada en colaboración co Concello da Coruña e a Consellaría de Cultura.

---